

1. Ponlles o acento diacrítico ás palabras que teñen que levalo. (2 puntos)

- a. Fixo un no no extremo do pano.
- b. O granxeiro tivo do do animal ferido.
- c. O panadeiro fixo unha bola de pan con forma de bola para o seu neto o futbolista.
- d. O gardabosques rompeu un oso cando fuxía do oso.
- e. Non teñas tanta presa en ir para a presa.
- f. A estatua queda a beira da rúa.
- g. As árbores caéronlle xa as follas.
- h. O neno da as grazas educadamente.
- i. Gústalle mais o tenis ca o baloncesto.
- j. E certo, Xoán e Xesús son curmáns.

2. Clasifica os seguintes enunciados en FRASES ou ORACIÓNS. (2 puntos)

- a. Unha vaca loura. _____
- b. Mañá marchamos de vacacións. _____
- c. Cinco cadelas de palleiro. _____
- d. Ola! _____
- e. Non temos cartos para ver o filme. _____
- f. Volveron as rebaixas. _____
- g. Todo a prezo imbatible. _____
- h. Somos os reis da albanelaría. _____
- i. Bos días a todos. _____
- j. Caíches da árbore. _____

3. Indica cal é o SUXEITO e o PREDICADO nas seguintes oracións. (2 puntos)

- a. Mareáronse todos os rapaces do autocar.
- b. A carta provocou a dimisión do delegado.

- c. Os arqueólogos descubriron restos celtas.
- d. Estas olivas están demasiado salgadas.
- e. Este rapaz tan calado está enfermo.

4. Sinala e clasifica o PREDICADO das seguintes oracións. (2 puntos)

- a. Mareáronse todos os rapaces do autocar.
- b. A carta provocou a dimisión do delegado.
- c. Os arqueólogos descubriron restos celtas.
- d. Estas olivas están demasiado salgadas.
- e. Este rapaz tan calado está enfermo.

5. Identifica o COMPLEMENTO DIRECTO das seguintes oracións. (1 punto)

- a. Onte meus pais mercaron unha nova casa.
- b. Teño un bolígrafo azul.
- c. O rapaz tiña moitas dúbidas.
- d. Fran mercoulle a Xoán un agasallo.

6. Identifica o COMPLEMENTO INDIRECTO das seguintes oracións. (1 punto)

- a. Manuel contou unha historia a Pablo moi boa.
- b. Os rapaces faloron a María ao chegar.
- c. Os alumnos trouxeron un agasallo á profesora de Lingua Galega.
- d. Ás rapazas gustoulles moito o concerto de Son da Rúa.